

Informe sobre o apelido *Figueroa*

Figueroa é un apelido que procede evidentemente do topónimo *Figueiroa*. Este topónimo designa hoxe 19 lugares de Galicia e dúas parroquias, unha baixo a advocación de San Martiño en Cerdedo e outra baixo a de San Paio en Arzúa. Houbo unha terceira parroquia Figueiroa coa advocación de San Paio, nome primitivo da parroquia á que pertencía a vila da Estrada: en 1840 este lugar converteuse en capital do concello dese nome e, parece que xa ben entrado o século XX, a parroquia pasou a denominarse San Paio da Estrada, conservando dous lugares o nome primitivo (*Figueiroa de Abaixo* e *Figueiroa de Arriba*).


Figueiroa é un dos diminutivos galegos de *Figueira* (o outro é *Figueiriña*). Das formas derivadas de *figueira* na toponimia esta é a máis abundante e, ademais dos lugares que quedan ditos, aínda hai as variantes dialectais *Figueiró*, *Figueirós*, *Figueirúa* e *Figueiroá*.

O ditongo *ei* é inseparable da forma galega en tódalas variantes e derivados de *figueira*: *Casfigueiro*, *A Costa de Figueirón*, *Detrás das Figueiras*, *Figueira*, *A Figueira*, *Figueiro*, *O Figueiral*, *Figueiras*, *As Figueiras*, *Figueiredo*, *O Figueiredo* e *Figueirido*. Este topónimo está estudado por Gonzalo Navaza con detalle, mesmo na súa distribución xeográfica, na epígrafe 113.3 da súa *Fitotoponimia galega* (obra editada en 2006 na Coruña polo Instituto da Lingua Galega e a Fundación Pedro Barrié de la Maza).


A forma pola que se pregunta (*Figueroa*) é un caso único e estraño no Nomenclátor de Galicia: está en Abegondo (parroquia de San Miguel de Figueroa).




REAL ACADEMIA GALEGA




... San Miguel de Figueiroa su anexo... a.1591 ACS



... San Miguel de Figueiroa... a.1581 ACS



Juan Pérez vezino de San Miguel de Figueiroa, jurdición del coto de Ares Pardo y Pedro... a.1609 ACS



... en la felegresía de San Miguel de Figueiroa... a.1603 ACS.

Pero, como se ve nas imaxes precedentes, aínda que un documento de 1609 xa documenta e data a forma deturpada *Figueiroa*, os documentos anteriores desa mesma parroquia (dos anos 1603, 1591 e 1581) din claramente *San Miguel de Figueiroa*. E por parte temos testemuños inequívocos de que aínda hoxe quedan nesa parroquia persoas maiores que no uso oral lle chaman *Figueiroa* á súa parroquia e por iso e polas razóns que seguen está en revisión.

Xa como apelido, *Figueiroa* aparece en numerosos documentos entre o século XIV e o XVII: *Pedro Martínez de Figeyroa* (1319 Oseira); *Johán García de Figeyroa* (1339 Vilar de Donas); *Johán Moogo de Figeyroa* (1381 Oseira); *Fernando de Figueiroa*, procurador de causas na Real Audiencia (1534 Santiago); *Sancho de Coiro de Figueiroa*, veciño de Santiago (1550 Santiago); *Juan González de Figueiroa*, veciño de Figueiroa en Arzúa (1569 Santiago); *Pedro de Figueiroa*, veciño de Urdilde (1608 Santiago).

REAL ACADEMIA GALEGA

Quizais na difusión da forma *Figueroa* como apelido influíu o feito de que dende o século XVII en moitos rexistros, obrigados a redactar todo en castelán, considerábase que evitando os ditongos galegos *ei / ou* unha palabra xa pasaba por dignamente castelá (tal pasou co apelido *Outeiro* sistematicamente transformado en *Otero*). O mesmo aconteceu coa creación do título de *Marqués de Figueroa*. Pero debe observarse que, aínda que se evitou o ditongo galego *ei*, en *Figueroa* mantense o *F-* inicial galego (que en castelán sería *H*) e mantense a terminación diminutiva galega *-oa* (que en castelán sería *-uela*). É dicir, o equivalente castelán auténtico de *Figueiroa* é *Higueruela*, que, por certo, é o nome dun municipio na provincia manchega de Albacete. Polo tanto a forma *Figueroa* deturpa un apelido galego sen chegar a facelo estruturalmente castelán.

A pesar de que a forma *Figueroa* está hoxe máis estendida como apelido, o Censo de 2011 confirma que en Galicia aínda viven doce persoas que levan o apelido orixinal *Figueiroa* ben como primeiro apelido, ben como segundo: é dicir, o apelido galego *Figueiroa* nunca deixou de existir.

Sendo derivado do topónimo inequivocamente galego *Figueiroa* (perfectamente documentado e vivo) e estando tamén vivo o apelido orixinal *Figueiroa*, esta é a única forma recomendada.

